

| | |
|--------------|---|
| CONVOCATORIA | CL2024M |
| PRAZA/POSTO | PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR CATRO PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR E INTEGRADAS NO SUBGRUPO C2 (CL2024M) – QUENDA LIBRE |
| TIPO | PRIMEIRO EXERCICIO –TEST |
| DATA | 26/02/2025 |

1. Segundo o artigo 17.2 da Constitución Española, a detención preventiva durará:

- a) Non máis do tempo estritamente necesario para a realización das investigacións tendentes ao esclarecemento dos feitos
- b) 24 horas
- c) 48 horas
- d) 72 horas

2. Indicar a opción incorrecta. Segundo o artigo 21 da Constitución Española:

- a) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas
- b) O exercicio do dereito de reunión non precisa autorización previa
- c) As reunións deben inscribirse nun rexistro aos únicos efectos de publicidade
- d) As manifestacións poderán prohibirse cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens

3. Indicar a opción incorrecta. Segundo o artigo 62 da Constitución Española, corresponde ao Rei:

- a) Convocar a referendo nos casos previstos na Constitución
- b) Propor o candidato a Presidente do Goberno e, no seu caso, nomealo, así como pór fin ás súas funcións nos termos previstos na Constitución
- c) Ser informado dos asuntos de Estado e presidir, a estes efectos, as sesións do Consello de Ministros, cando o estime oportuno, a petición do Presidente do Goberno
- d) Autorizar indultos xerais

4. Segundo o artigo 90.3 da Constitución Española, o prazo de dous meses de que o Senado dispón para vetar ou emendar un proxecto de lei reducirase nos proxectos declarados urxentes polo Goberno ou polo Congreso dos Deputados. Neste caso o prazo pasará a ser de:

- a) 15 días hábiles
- b) 15 días naturais
- c) 20 días hábiles
- d) 20 días naturais

5. Segundo o artigo 102 da Constitución Española:

- a) A responsabilidade criminal do Presidente e os demais membros do Goberno será exixible, no seu caso, ante o Tribunal Constitucional
- b) Se a acusación fose por traizón ou por calquera delito contra a seguridade do Estado no exercicio das súas funcións, só poderá ser exposta por iniciativa da cuarta parte dos membros do Senado, e coa aprobación da maioría absoluta do Congreso
- c) A prerrogativa real de graza será aplicable á responsabilidade criminal dos membros do Goberno
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

6. Segundo os artigos 119 e 120 da Constitución Española:

- a) A xustiza será gratuíta soamente para quen acredite insuficiencia de recursos para litigar
- b) As actuacións xudiciais serán privadas, coas excepcións que prevexan as leis de procedemento
- c) As sentenzas serán sempre motivadas e pronunciaranse en audiencia pública
- d) O procedemento será predominantemente por escrito, sobre todo en materia criminal

7. Segundo o artigo 147.3 da Constitución Española, a reforma dos Estatutos de Autonomía axustarase ao procedemento establecido nos mesmos e requirirá, en todo caso, a aprobación por:

- a) As Cortes Xerais, mediante lei orgánica
- b) O Congreso, por maioría de dous terzos

- c) O Goberno, mediante lei orgánica
- d) O Senado, por maioría de dous terzos

8. Segundo o artigo 25 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) As direccións xerais
- b) As secretarías xerais
- c) Las delegacións territoriais
- d) Las secretarías xerais técnicas

9. A Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas cualifica no seu artigo 47 como nulos de pleno dereito os actos das Administracións Públicas que:

- a) Establezan deberes non susceptibles de amparo constitucional
- b) Sexan ditados prescindindo parcialmente do procedemento legalmente establecido
- c) Sexan contrarios ao ordenamento xurídico e polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dalgúns requisitos formais para a súa adquisición
- d) Sexan ditados por órgano manifestamente incompetente por razón do territorio

10. De acordo co artigo 21 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de:

- a) Tres meses
- b) Seis meses
- c) Nove meses
- d) Un mes

11. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, está obrigada a Administración a ditar resolución expresa en todos os procedementos administrativos?:

- a) Non, só está obrigada a ditar resolución expresa nos procedementos nos que exercite potestades discrecionais
- b) Non, só está obrigada a ditar resolución expresa nos procedementos iniciados de oficio
- c) Si, calquera que sexa a súa forma de iniciación, excepto nos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio
- d) Non, só está obrigada a ditar resolución expresa nos procedementos iniciados a instancia de parte

12. Segundo o artigo 70 da LPAC enténdese por expediente administrativo:

- a) O conxunto ordenado de documentos que serven de antecedente e fundamento á instrución do procedemento, así como as dilixencias encamiñadas a executala
- b) O conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas a executala
- c) O conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á instrución do procedemento, así como as dilixencias encamiñadas a executala
- d) O conxunto ordenado de documentos que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas a executala

13. Terán capacidade de obrar ante as Administracións Públicas, de conformidade co artigo 3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Só as persoas que a ostentan con arranxo ás normas civís
- b) Os menores de idade para o exercicio daqueles dos seus dereitos cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico-administrativo sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela
- c) Os menores incapacitados, aínda cando a extensión da incapacitación afecte o exercicio e defensa dos dereitos e intereses de que se trate

d) Os menores de idade para o exercicio e defensa dos seus dereitos e intereses, pero unicamente coa asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela

14. Indique que acto administrativo debe ser obxecto de motivación segundo o artigo 35 da Lei 39/2015:

- a) Un acto de trámite que non se separe do criterio seguido en actuacións precedentes
- b) A proposta de resolución nun procedemento sancionador
- c) O requirimento de subsanación dunha solicitude presentada polo interesado
- d) O acto polo que se acorda a admisión de probas propostas polo interesado

15. Contra os actos firmes en vía administrativa:

- a) Non caberá recurso algún
- b) Só procederá o recurso de casación cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125.1 da Lei 39/2015
- c) Só procederá o recurso extraordinario de reposición cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125.1 da Lei 39/2015
- d) Só procederá o recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125.1 da Lei 39/2015

16. De acordo co artigo 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución dun recurso de alzada:

- a) Será de quince días
- b) Será de dous meses
- c) Será dun mes
- d) Será de tres meses

17. Segundo o disposto o art. 160 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no procedemento restrinxido:

- a) Todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores

- b) Calquera empresa interesada poderá presentar unha solicitude de participación en resposta a unha convocatoria de licitación
- c) A adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido o órgano de contratación, tras negociar as condicións do contrato cun ou varios candidatos
- d) Poderá adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118

18. De conformidade co art. 237 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a execución do contrato de obras comezará

- a) Coa formalización en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación
- b) Coa adxudicación do contrato
- c) Coa publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante
- d) Coa acta de comprobación do replanteo

19. De acordo co art. 3 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, en relación aos bens de dominio público das entidades locais, clasifícanse como bens de uso público local:

- a) Os camiños da súa competencia
- b) Os montes comunais catalogados
- c) Os cemiterios da súa titularidade
- d) As Casas Consistoriais

20. Segundo o art. 82 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as entidades locais gozan, respecto dos seus bens patrimoniais, da prerrogativa de recuperar por si mesmas a súa posesión:

- a) En calquera momento
- b) No prazo de 3 meses
- c) No prazo de 6 meses
- d) No prazo de 1 ano

21. Segundo o art. 33.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a aprobación dos plans de carácter provincial correspóndelle a:

- a) O Presidente da Deputación
- b) A Xunta de Goberno provincial
- c) O Pleno da Deputación, en todo caso
- d) A Comisión Territorial de Administración Local, integrada por representantes da Administración do Estado, a Comunidade Autónoma e da Administración Local

22. Segundo o art. 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a provincia é unha entidade local con personalidade xurídica:

- a) Plena
- b) Autónoma
- c) Propia
- d) Independente

23. Segundo o art. 13.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a creación de novos municipios só poderá realizarse sobre a base de núcleos de poboación territorialmente diferenciados de polo menos:

- a) 1.000 habitantes
- b) 2.000 habitantes
- c) 4.000 habitantes
- d) 5.000 habitantes

24. Segundo o art. 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local existe:

- a) En todos os municipios
- b) En todos os municipios con poboación superior a 1.000 habitantes
- c) En todos os municipios cun orzamento superior a 3 millóns de euros
- d) En todos os municipios en que así o dispoña o seu regulamento orgánico

25. Segundo o artigo 92 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sinala a resposta que consideres correcta con respecto a quen poderá solicitar nun concello de réxime común, a retirada, durante o debate, dalgún expediente incluído dentro da convocatoria dunha sesión ordinaria do Pleno:

- a) O Alcalde ou Alcaldesa
- b) Calquera concelleiro ou concelleira da corporación municipal
- c) O Secretario/a do concello
- d) Unha cuarta parte do número legal de membros do Pleno

26. De conformidade co establecido no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sinala a resposta que consideres correcta con respecto ás certificacións das resolucións e acordos dos órganos de goberno e administración das entidades locais:

- a) Emitiranse sempre despois da aprobación da acta
- b) Poderanse emitir antes da aprobación da acta, facéndoo constar expresamente
- c) Non se poderán emitir se se trata de actas pendentes de aprobar na seguinte sesión
- d) Emitiranse sempre antes da aprobación da acta

27. De conformidade co establecido no artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala a resposta que consideres correcta en relación a se as entidades locais poden incorporar aos correspondentes orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte algún dos créditos que se indican a continuación:

- a) Os créditos extraordinarios realizados durante todo o exercicio anterior
- b) Os créditos de persoal
- c) Os créditos por operacións de capital
- d) As transferencias de crédito realizadas durante todo o exercicio anterior

28. Tendo en conta o artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala a resposta que consideres correcta en relación a que as entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día:

- a) 1 de marzo do exercicio seguinte
- b) 1 de outubro do exercicio seguinte
- c) 15 de xuño do exercicio seguinte
- d) 1 de xuño do exercicio seguinte

29. Sinala a resposta que consideres correcta tendo en conta o artigo 56 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación ás clases de sistemas selectivos que deben de utilizar as Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei para a selección do seu persoal:

- a) Oposición, concurso e, excepcionalmente, concurso-oposición
- b) Oposición e concurso-oposición
- c) Oposición, concurso-oposición e, excepcionalmente concurso
- d) Oposición e concurso

30. Segundo o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, son dereitos individuais dos empregados públicos recoñecidos no citado artigo, entre outros, os seguintes:

- a) A liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico, a libre asociación profesional e a inamabilidade na condición de funcionario de carreira
- b) A liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico, a inamabilidade na condición de funcionario de carreira, e o exercicio da folga, coa garantía do mantemento dos servizos esenciais da comunidade
- c) A liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico, a inamabilidade na condición de funcionario de carreira, e a liberdade sindical
- d) A liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico, a inamabilidade na condición de funcionario de carreira, e o de reunión, nos termos establecidos no artigo 46 deste Estatuto

31. Tendo en conta o disposto no artigo 192 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala cal das seguintes é unha situación administrativa do persoal funcionario de carreira:

- a) Excedencia por incompatibilidade
- b) Suspensión de funcións
- c) Licenza por incapacidade temporal
- d) Comisión de servizos

32. Tendo en conta o artigo 198 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación á extinción da responsabilidade disciplinaria, cando prescriben as sancións impostas por faltas leves?:

- a) Aos 3 anos
- b) Aos 2 anos
- c) Aos 6 meses
- d) Ao ano

33. Para que serve “OneDrive” en Windows?:

- a) É un firewall avanzado para a rede local
- b) É unha aplicación para realizar copias de seguridade só en dispositivos USB
- c) É o servizo de almacenamento na nube de Microsoft que se integra co Explorador de arquivos
- d) É unha consola para administrar impresoras en rede

34. Que fai a combinación de teclas “Windows + L” nun equipo con Windows?:

- a) Inicia a consola de comandos (CMD)
- b) Executa a ferramenta de limpeza de disco
- c) Pecha todas as aplicacións en execución
- d) Bloquea a sesión e leva á pantalla de inicio de sesión

35. Que é a “World Wide Web” (WWW) en relación con Internet?:

- a) É un servizo de mensaxería instantánea limitado a redes LAN
- b) É un protocolo específico para o envío de correo electrónico
- c) É un sistema de documentos e contidos enlazados mediante hiperligazóns, accesible a través de Internet
- d) É unha plataforma de hardware que substitúe os servidores DNS

36. Cal destes protocolos se utiliza principalmente para a transferencia de ficheiros entre sistemas conectados a unha rede TCP/IP?:

- a) SMTP
- b) HTTP
- c) FTP
- d) POP3

37. Cal é a función principal do protocolo DNS en Internet?:

- a) Controlar a seguridade dos routers perimetrais
- b) Ofrecer un servizo de copias de seguridade na nube
- c) Cifrar a comunicación entre clientes e servidores web
- d) Resolver nomes de dominio en enderezos IP e viceversa

38. Que formato de ficheiro utiliza Outlook para almacenar de forma local correos electrónicos, contactos e outros datos persoais cando se configura cunha conta POP3 ou conta local?:

- a) OSP
- b) MSG
- c) PST
- d) EML

39. Cal destes atallos de teclado de Excel permite editar o contido da cela activa sen borrar o valor existente?:

- a) Ctrl + E

- b) F1
- c) F2
- d) Alt + Enter

40. Que é unha “Táboa dinámica” (Pivot Table) en Microsoft Excel?:

- a) Unha ferramenta avanzada para calcular, resumir e analizar datos que permite ver comparacións, patróns e tendencias neles
- b) Unha folla con macros predefinidas para filtrar datos
- c) É un rango de celas protexido contra cambios
- d) Xera automaticamente un formulario con cálculos avanzados

PREGUNTAS DE RESERVA:

41. O Estatuto de Autonomía de Galicia regúlase na:

- a) Lei Orgánica 1/1979
- b) Lei Orgánica 1/1980
- c) Lei Orgánica 1/1981
- d) Lei Orgánica 1/1982

42. En relación aos actos firmes, indique que recursos administrativos se poden interpoñer:

- a) Recurso de alzada
- b) Recurso de alzada, recurso potestativo de reposición e recurso extraordinario de revisión
- c) Recurso de alzada e recurso potestativo de reposición
- d) Recurso extraordinario de revisión

43. Segundo o art. 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os Municipios deberán prestar, en todo caso, o servizo de:

- a) Protección civil
- b) Biblioteca pública
- c) Cemiterio
- d) Tratamento de residuos

44. Tendo en conta o establecido na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, sinala a resposta que consideres correcta en relación ao capítulo do orzamento onde se recolle o gasto que realizan as entidades locais e os seus organismos autónomos destinados á amortización de débedas:

- a) Capítulo 6: Invetimentos reais
- b) Capítulo 7: Transferencias de capital
- c) Capítulo 8: Activos financeiros
- d) Capítulo 9: Pasivos financeiros

45. Cal é a función principal do cartafol “Arquivo” ou “Archive” en Microsoft Outlook?:

- a) Compartir mensaxes con usuarios externos
- b) Mover correos seleccionados a un cartafol para almacenalos e manter limpa a bandexa de entrada
- c) Borrar correos definitivamente
- d) Configurar respostas automáticas aos remitentes

| | |
|--------------|---|
| CONVOCATORIA | CL2024M |
| PRAZA/POSTO | PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR CATRO PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR E INTEGRADAS NO SUBGRUPO C2 (CL2024M) – QUENDA LIBRE |
| TIPO | PRIMEIRO EXERCICIO – TEST |
| DATA | 26/02/2025 |

PLANTILLA DE RESPONSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

| Nº | Resposta | Nº | Resposta | Nº | Resposta | Nº | Resposta |
|----|----------|----|----------|----|----------|----|----------|
| 1 | A | 11 | C | 21 | C | 31 | B |
| 2 | C | 12 | B | 22 | C | 32 | D |
| 3 | D | 13 | B | 23 | C | 33 | ANULADA |
| 4 | D | 14 | B | 24 | D | 34 | ANULADA |
| 5 | D | 15 | D | 25 | B | 35 | ANULADA |
| 6 | C | 16 | D | 26 | B | 36 | ANULADA |
| 7 | A | 17 | B | 27 | C | 37 | ANULADA |
| 8 | B | 18 | D | 28 | A | 38 | ANULADA |
| 9 | D | 19 | A | 29 | C | 39 | ANULADA |
| 10 | A | 20 | D | 30 | A | 40 | ANULADA |

| Nº | Resposta | |
|----|-------------|--------------------------------|
| 41 | C (Reserva) | Substitúe á pregunta número 33 |
| 42 | D (Reserva) | Substitúe á pregunta número 34 |
| 43 | C (Reserva) | Substitúe á pregunta número 35 |
| 44 | D (Reserva) | Substitúe á pregunta número 36 |
| 45 | ANULADA | |

O Tribunal acorda anular de oficio as preguntas número 33 a 40 e a número 45 das de reserva por advertirse que non se corresponden coa primeira parte do temario, quedando conformado o exercicio por un total de 36 preguntas.

De acordo co previsto na base décimo sexta, apartado 9 da convocatoria, as persoas aspirantes que participaron neste exercicio dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas,



para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través do formulario "Alegacións" dispoñible no seguinte enlace <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>.

Transcorrido este prazo, o tribunal reunirse para a resolución das reclamacións ou alegacións presentadas, se as houberse e, de ser o caso, proceder a súa corrección e publicación dos resultados do exercicio

O secretario do Tribunal,

(documento asinado dixitalmente á marxe)